

NÚMERO 8/19

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 12 DE XUÑO DE 2019.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día doce de xuño de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Non asisten, sen escusar a súa ausencia, os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D. Alberto Manuel García Coteló, D. José Emilio Gómez López e D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión pola Presidencia, infórmase de que o motivo deste acto é a aprobación das actas das sesións anteriores, único asunto incluído na Orde do Día, para dar cumprimento ao disposto no artigo 36 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro.-

O sr. Secretario informa da detección de dous erros na acta nº 6/2019, de 28 de marzo, consistentes en reflectir no encabezamento a frase “*Excusa a súa ausencia a concelleira D^a. Raquel Bolaño Fariñas*”, que asistiu á sesión, e na explicación do voto do grupo PSOE no asunto nº 4.1 da Orde do Día, a frase “*en contra da urxencia*”, textos que deben ser suprimidos ao igual que reflectida a asistencia da sra. Bolaño.-

Seguidamente, tras preguntar a Presidencia se hai outras observacións que formular verbo das actas das sesións anteriores, números 6/2019, celebrada o día 28-3-2019, e 7/19, celebrada o día 25-4-2019, e non producirse ningunha, apróbanse as mesmas por unanimidade, coas correccións indicadas na primeira delas.-

O sr. Alcalde manifesta o agradecemento da Corporación polo labor realizado neste anos a todos aqueles que se despiden da mesma e non renovan o seu mandato, transmitíndolles os seus mellores desexos.-

E non habendo outros asuntos que tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte horas e dous minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html